



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

PROCESO SELECTIVO MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN LIBRE PARA CONFECCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA REALIZAR NOMEAMENTOS INTERINOS PARA POSTOS DE TECNICO/A DE XESTION DE DEPORTES, EXPTE. 2026/E001/000009

PRIMEIRA PROBA. PREGUNTAS TIPO TEST

En Ordes, a 11 de agosto de 2026, sendo as trece horas reúnese na Sala de Xuntas da Casa Consistorial (3º andar) do Concello o Tribunal que ha de xulgar o **PROCESO SELECTIVO MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN LIBRE PARA CONFECCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA REALIZAR NOMEAMENTOS INTERINOS PARA POSTOS DE TECNICO/A DE XESTION DE DEPORTES**, convocada por resolución da Alcaldía, nº 551, de data 28/04/2026 e nº 588 de 06/05/2026 (corrección de erros).

Asisten:

. **Presidenta:** Rocío Varela Rodriguez, Funcionaria da Escala de Funcionarios de Administración Xeral, Subescala de Xestión do Concello de Ordes.

. **1º Vogal:** Elisa Capelo Landeira, Técnica de deportes do Concello de Santa Comba.
(Asiste ao acto por medios electrónicos segundo o disposto no Art. 17 de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público)

. **2º Vogal:** Angel Tuñas Sieiro, Técnico de deportes do Concello de Noia.
(Asiste ao acto por medios electrónicos segundo o disposto no Art. 17 de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público)

. **3º Vogal:** Carlos Alberto Frago Parga, Técnico de deportes do Concello de Carral.
(Asiste ao acto por medios electrónicos segundo o disposto no Art. 17 de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público)

. **Secretaria:** Pilar Rey Rodis, Escala de Funcionarios de Administración Xeral. Subescala de Xestión.

Pola Presidencia declárase constituído o Tribunal, procedéndose seguidamente de conformidade co establecido na Base 5ª (Desenvolvemento do procedemento de selección) ao estudo das reclamacións presentadas contra as puntuacións provisionais outorgadas aos aspirantes no 1º exercicio, cuestionario tipo test, que son as que a continuación se relacionan:

1. Miguel Ángel López Lorenzo con NIF ***8151** : con data 06/08/2026 e rexistro de entrada 202699900002838, presenta reclamación en relación ao cálculo da puntuación do aspirante 67021498531 publicada na páxina web deste Concello de Ordes.
2. Guillermo Iglesias López con NIF ***0008** : con data 05/08/2026 e rexistro de entrada 202699900002821, presenta reclamación en relación ao cálculo da puntuación do aspirante 67021498531 publicada na páxina web deste Concello de Ordes, así como alegacións ante as preguntas do test número 5, 8, 31, 32, 34, 36, 37 e 41.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Cualificación do aspirante 67021498531 da primeira proba (Preguntas tipo test)

Na táboa publicada na páxina web figura a seguinte cualificación do aspirante mencionado:

Cualificación provisional:

Nº aspirante	Ben	Mal	Non contestadas	Puntuación
67021498531	55	25	0	6,875

Segundo as bases a cualificación farase atendendo á seguinte fórmula: cada resposta correcta sumará 0,125 puntos e cada resposta incorrecta restará 0,030 puntos. As respostas en branco non descontan.

A nota publicada coincide cos puntos das respostas ben contestadas ($55 \cdot 0,125 = 6,875$) sen ter en conta as respostas mal contestadas ($25 \cdot 0,030 = 0,750$)

Detectado erro na aplicación da fórmula, e considerando que o disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións pública que dispón que as administracións públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos, a cualificación do exercizo do aspirante mencionado sería a seguinte:

Cualificación corrixida:

Nº aspirante	Ben	Mal	Non contestadas	Puntuación
67021498531	55	25	0	6,125

Alegación Pregunta 5. Primeira proba. Preguntas tipo test.

5. Segundo o artigo 2.3 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo común das administracións públicas, teñen a consideración de Administracións públicas:

- A Administración do Estado, as comunicades autónomas e as entidades que integran a administración local.
- A Administración do Estado, as comunicades autónomas e as entidades que integran a administración local, así como os organismos públicos.
- A Administración do Estado, as comunicades autónomas e as entidades que integran a administración local, así como os organismos públicos en todo caso.
- A Administración do Estado, as comunicades autónomas e as entidades que integran a administración local, así como os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes das administracións públicas.

O interesado solicita que se anule a pregunta por falta de rigurosidade na redacción das respostas.

É certo que a redacción das opcións simplifica “Administraciones de las Comunidades Autónomas” como “Comunidades Autónomas”. Non obstante, esta imprecisión afecta por igual a todas as opcións, polo que non serve para distinguir entre elas nin xera dúbida sobre cal é a correcta.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

A pregunta fai referencia a Administracións Públicas no seu enunciado, en ningún caso a territorios. A omisión da palabra administracións nas Comunidades autónomas non altera o sentido ou finalidade da pregunta formulada nin hai pretensión de trampa por parte deste Tribunal de selección.

Na lóxica do test de “mellor resposta”, a opción d) é a única que recolle o contido material completo do precepto. As opcións a) e b) son incompletas e, polo tanto, incorrectas nun test que esixe a resposta materialmente exacta; a c) é claramente incorrecta. Existe, pois, unha única resposta correcta. A imprecisión terminolóxica alegada é común a todas as opcións e non xera a “dúbida razoable” que a xurisprudencia esixe para a anulación (STS de 26/02/2013).

A pregunta ten unha única resposta correcta (d). O tribunal acorda desestimar a alegación presentada.

Alegación Pregunta 8. Primeira proba. Preguntas tipo test.

8. Segundo o artigo 106 da Lei 39/2015, as administracións públicas declararán de oficio a nulidade dos actos administrativos:

- a. En calquera momento, por iniciativa propia.
- b. En calquera momento, por iniciativa propia ou solicitude de interesado.
- c. En calquera momento, por iniciativa propia, antes de que transcorran catro anos desde que se ditou o acto.
- d. Antes de que transcorran catro anos desde que se ditou o acto, por iniciativa propia ou solicitude do interesado.

O interesado solicita que se anule a pregunta por falta de rigurosidade na redacción das respostas.

O art. 106.1 dispón literalmente: “Las Administraciones Públicas, en cualquier momento, por iniciativa propia o a solicitud de interesado, y previo dictamen favorable del Consejo de Estado u órgano consultivo equivalente de la Comunidad Autónoma, si lo hubiere, declarararán de oficio la nulidad de los actos administrativos que hayan puesto fin a la vía administrativa o que no hayan sido recurridos en plazo, en los supuestos previstos en el artículo 47.1.”

O interesado alega que b) non reproduce todos os requisitos (ditame, actos que poñen fin á vía) e que a) tamén recollería un requisito.

A opción b) (“en cualquier momento, por iniciativa propia o solicitud del interesado”) reproduce o inciso inicial e nuclear do art. 106.1, referido á iniciación (momento e lexitimación).

A opción a) (“en cualquier momento, por iniciativa propia”) é incompleta, pois omite a solicitude do interesado, que o precepto contempla expresamente.

As opcións c) e d) introducen o prazo de “4 anos”, que corresponde á declaración de lesividade de actos anulables (art. 107.2) e non á revisión de actos nulos, que se pode instar “en cualquier momento”.

Que a opción b) non reproduza a totalidade do precepto (ditame consultivo, actos que poñen fin á vía) non a converte en incorrecta: recolle o inciso pertinente e diferénciase inequivocamente das demais.

A pregunta ten unha única resposta correcta (b). O tribunal acorda desestimar a alegación presentada.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Alegación Pregunta 31. Primeira proba. Preguntas tipo test.

31. A lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte en Galicia artículase en:

- a. 9 títulos.
- b. 10 títulos.
- c. 12 títulos.
- d. Son todas falsas.

O interesado solicita que se anule a pregunta por entender que se trata de contido fora do temario.

O número de títulos dunha lei é un dato elemental e integrante do coñecemento xeral da propia norma que o temario cita expresamente. A doutrina do cotexo co temario (STSJ Galicia 258/2014) só permite anular cando a “ajenidad” é manifesta e evidente; preguntar por cantos títulos ten a lei nuclear da especialidade non constitúe un apartamento “a todas luces evidente” do programa, senón unha aplicación do amplo marxe de flexibilidade recoñecido ao tribunal.

Trátase dun posto de Técnico/a de deportes A2, e a lei a que fai referencia é a Lei 3/2012, do Deporte en Galicia, nas bases, na parte específica do temario ven recollida entre os temas 7 a 14. O tribunal entende que o contido polo que se pregunta si figura expresamente recollido no temario polo que acorda desestimar a alegación presentada.

Alegación Pregunta 32. Primeira proba. Preguntas tipo test.

32. O título VIII da lei, do 2 de abril, dos Deportes en Galicia refírese a:

- a. Xurisdición Deportiva.
- b. Axentes de actividade deportiva.
- c. Especificamente á prevención e loita contra a dopaxe no deporte.
- d. Investigación e formación do persoal técnico-deportivo.

O interesado solicita que se anule a pregunta por entender que se trata de contido fora do temario.

O Título VIII da Lei 3/2012 titúlase “La actuación autonómica en materia de prevención y lucha contra el dopaje en el deporte” (arts. 129 a 146)

A resposta oficial (c) é correcta. As demais opcións corresponden a outros títulos: xurisdición deportiva (Título VII), axentes (Título IV) e investigación e formación (Título V).

O contido polo que se pregunta (a loita contra a dopaxe) si figura expresamente no temario (Tema 13 da parte específica: “A actuación autonómica en materia de prevención e loita contra a dopaxe no deporte”). A pregunta límitase a asociar ese contido material, que o opositor debe coñecer, coa súa ubicación no Título VIII.

A pregunta ten unha única resposta correcta (c). O tribunal acorda desestimar a alegación presentada.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Alegación Pregunta 34, 36,37 e 41. Primeira proba.Preguntas tipo test.

O interesado solicita que se anulen as preguntas por entender que se trata de contido fora do temario.

As preguntas reclamadas versan sobre a identificación de onde se regula unha determinada materia relacionada co contido establecido **no anexo II, parte específica** das bases reguladoras da convocatoria. En concreto faise referencia as seguintes leis:

- Lei 39/2022, de 30 de decembro, do Deporte, nas bases, na parte específica do temario ven recollida entres os temas 1 a 6.
- Lei 3/2012, do Deporte en Galicia, nas bases, na parte específica do temario ven recollida entre os temas 7 a 14.

O tribunal entende que o contido polo que se pregunta si figura expresamente recollido no temario, ao tratarse de leis fundamentais para o desenrolo do posto de técnico/a de deportes, polo que acorda desestimar as alegacións presentadas.

Unha vez desestimadas tódalas alegacións presentadas o Tribunal seguidamente procede a efectuar a valoración definitiva, na que se inclúe a corrección do erro detectado na aplicación da fórmula do aspirante 67021498531. As puntuacións definitivas son as que se relacionan a continuación:

Nº aspirante	Ben	Mal	Non contestadas	Puntuación
94386017254	65	9	6	7,855
78614520973	64	8	8	7,760
46648879894	61	2	17	7,565
82467195038	55	18	7	6,335
67021498531	55	25	0	6,125
13579864207	53	27	0	5,815
21854763905	49	31	0	5,195
93515698845	41	31	8	4,195
32718495062	40	27	13	4,190
76509382147	37	21	22	3,995

Polo Tribunal de conformidade co establecido na Base 6ª reguladora da convocatoria, que establece que será necesario acadar 5 puntos como mínimo para non quedar eliminado, declárase que superan a primeira proba, cuestionario tipo test, os aspirantes seguintes:

DNI
***9352**
***9110**
***4732**
***1401**
***0008**
***2065**
***8151**



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Acórdase fixar a data da celebración da segunda proba, resolución dun caso práctico, as 10.00 horas, do día 17/08/2026, lugar Sala de Conferencias, Baixos da Alameda, rúa Xoxardo, Ordes.

Polo tribunal acórdase publicar a cualificación e puntuación definitiva da primeira proba, cuestionario tipo test, na páxina web do Concello e no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do concello, con indicación da puntuación obtida por cada un dos aspirantes.

RECURSOS: Contra o acordo do Tribunal de Selección de cualificación definitiva e puntuación da primeira proba, cuestionario tipo test, poderá interpoñerse ante o Sr. Alcalde-Presidente o recurso de alzada previsto nos arts. 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, no prazo dun mes contado desde o día seguinte a aquel en que teña lugar a publicación deste acordo.

E no n sendo outro o obxecto desta reunión dáse por rematado o acto, dispoñendo a Presidencia que se redacte a presente acta. Sendo as doce horas e trinta minutos do día ao principio sinalado.

A Presidenta
Rocío Varela Rodríguez
(asinado dixitalmente)

A Secretaria
Pilar Rey Rodís